# OS GRANDES DA NOSA LITERATURA PARA OS NOSOS PEQUENOS



## ROSALÍA DE CASTRO

## (1837 - 1885)

Naceu en Santiago. Foi criada por unhas tías na aldea, onde aprendeu o galego e as cantigas populares.
Aos 19 anos marchou a Madrid onde casou co galeguista Manuel Murguía.
Moitos dos seus poemas falan da emigración dos galegos. Destacan os seus libros "Cantares gallegos" e "Follas novas". Morreu aos 48 anos e está soterrada en Santiago.



## CURROS ENRÍQUEZ

## (1851 - 1908)

Naceu en Celanova (Ourense).
Foi moi popular no seu tempo, a xente recitaba de memoria os seus poemas. Dos seus libros destacan "Aires da miña terra" e "A Virxe do cristal".
Morreu na Habana, pero está soterrado na Coruña.

# OS GRANDES DA NOSA LITERATURA PARA OS NOSOS PEQUENOS



## EDUARDO PONDAL

## (1835 - 1917)

. Naceu en Ponteceso. Estudou Medicin
pero gustáballe moito escribir.
Estaba moi orgulloso do pasado c
ta de Galicia.
Corrixía continuamente os seus texto
por iso escribiu poucas obras, d
que destaca "Queixumes dos pinos e outros poemas", da que es
tá sacada o himno Galego.
. Morreu na Coruña aos 82 anos.



## CASTELAO

## (1886-1950)

Alfonso Daniel Manuel Rodrígu
Castelao naceu en Rianxo. De neno emi
grou á Arxentina.
Foi médico, político e un gran escritor
e debuxante.
Ten obras como "Un ollo de vidro",
"Os dous de sempre", "Os vellos non
deben de namorarse" e "Sempre en Galiza".
Morreu na Arxentina e está soterrado en Santiago.

# OS GRANDES DA NOSA LITERATURA PARA OS NOSOS PEQUENOS



## RAMÓN CABANILLAS

## (1876-1959)

. Naceu e morreu en Cambados. Foi proclamado como o Poeta da Raza.
Das súas obras destacan "No desterro" e "Da Terra asoballada"



## ÁLVARO CUNQUEIRO

## (1911-1981)

. Naceu en Mondoñedo. Das súas moitas obras destacan "Xente de aquí e de acolá" e "Merlín e familia".
Coa súa obra intentaba que «Galicia durase mil primaveras máis».



## CELSO EMILIO FERREIRO

## (1912-1979)

Naceu en Celanova. Foi escritor e político. Escribiu "Longa noite de pedra", un dos libros galegos máis coñecidos, pois moitos poemas foron musicados.